

RISCO E A LERIA NACIONALISTA

(Manuel Outeiriño)

Risco e o pesimismo cultural

Risco escribiu na quinta sección de “Nós, os inadaptados” que era pesimista. (“O noso tempo, consciente da decadencia, foi en xeral pesimista”) A nostalgia testá das élites nacionais afectou tamén á socioloxía de fins do dezanove e principios do vinte mais, pola súa vez, as élites nacionais alimentaron a nostalgia por conta daquela socioloxía organicista. Eran tempos do desenvolvemento dos signos nacionais pomposos e pretensiosos dos imperios que estudaron Hobsbawm e Ranger no libro sobre “A invención da tradición”, tempos do Canovismo. Entre 1870 e 1920 a procura do pasado (á que se dedicaban “os anticuarios”, segundo lles chamaban no Ourense de Risco mozo) virara esforzo patriótico en case tódalas nacións da Europa central e occidental. O paradigma nostálxico impregnou tamén o pensamento social alemán, do que tan debedor foi Vicente Risco. Alemaña unificárase en 1870. Quizais a moitos alemáns éralles difícil estar certos de que o seu país fora sempre e sempre sería, pois non tiñan mito nacional unificador como, pomos por caso, os de Inglaterra, Francia ou Rusia. Segundo algúns comentaristas, esa inseguridade fixo que os alemáns fosen xeralmente pesimistas verbo do futuro e maila modernidade en xeral. Hai quen advirte “pesimismo cultural” ou angustia nun dos clásicos da socioloxía daquel tempo, “Comunidade e sociedade”, do Ferdinand Toennies, publicado en 1887. Sexa como for, en “Comunidade e sociedade” Toennies di que non condena a sociedade moderna e que rexeita as saudades románticas do pasado medieval. En comparanza con Toennies, moi recentemente recuperado polo liberal crítico Zygmunt Bauman no libro “Comunidade”, Risco foi moi duro co mundo moderno (como se pode ver non só en “Las tinieblas de

Occidente", senón tamén en varios artigos de "Leria" e mesmo na confesión "Nós, os inadaptados"):

A Decadencia de occidente, do Oswald Spengler, foi o apoxeo do pesimismo sociolóxico daquel tempo. Antes de Oswald Spengler, Georg Simmel preocupárase, moi reflexivamente, polos fundamentos e orixes da "nostalxia". Decía que, aínda que a modernidade parece preocuparse só polo presente, o sentido da identidade no mundo moderno "case só se pode acadar pola memoria persoal". Velaí unha clave analítica dun dos aforismos favoritos do Risco: "Ser diferente é ser existente".

Spengler usou as descrições e interpretacións da cultura moderna de Simmel para ilustra-lo seus argumentos verbo da "Decadencia de Occidete". Dos argumentos todos do Simmel cómpre lembrar nomeadamente o principal do ensaio "A traxedia da cultura": o incremento obxectivo da cultura supón a creba da cultura subxectiva. Sentímolo ben perante os catálogos de bibliotecas nacionais ou de revistas especializadas internacionais. Indicárao tamén Pedrayo nun dos textos que escribira para "La centuria", seguramente instigado por Risco. Refírome a "La confesión del hombre culto". De por parte, preocupacións semellantes ás que Simmel apuntou no ensaio "A traxedia da cultura" escribiunas de xeito menos analítico Maurice Barrès no capítulo noveno da novela "Os desarraigados" (1897), titulado "Francia dissociada e descerebrada". Ó reler "Nós, os inadaptados" pode apreciarse que o Risco evolucionou de xeito moi semellante a Barrès. O ourensán pasou do "egotismo" á entrega ás "enerxías nacionais", do mesmo xeito có conservador francés pasou das preocupacións da triloxía titulada "Culto do eu" á chamada "A novela da enerxía nacional". En "Nós, os inadaptados", criticase a "moralidade de soberbios" do primeiro Barrès, pero non hai crítica ningunha ó segundo momento de Barrès, que quizais pague a pena analizar, igual cá posición de Risco, á luz do que Freud indicou en "O porvir dunha ilusión": "A satisfacción narcisista extraída do ideal cultural é un dos poderes que con máis éxito actúan

en contra da hostilidade adversa á civilización, dentro de cada sector civilizado. Non só as clases favorecidas que gozan dos beneficios da civilización correspondente, senón tamén as oprimidas, practican esa satisfacción, en canto o dereito a desprezar ós que non pertencen á súa civilización os compensa das limitacións que lles impón a eles.” A indicación da Freud verbo da satisfacción narcisista que procuran os ideais culturais (e moi nomeadamente ós relixiosos, ós que Risco se deu decote, e moi públicamente tra-lo golpe fascista de 1936) pode axudar a explicar a sempre ambivalente relación de Risco non só coa arte europea, senón tamén coa idea de Europa. Risco expresou a ambivalencia do seu europeísmo en sátiras coma “Os europeos en Abrantes”. Coido que Risco foi europeísta, home seducido pola cultura metropolitana do derradeiro momento da Europa imperial, pero tamén era consciente de non ser membro de élite ningunha. O traballo cultural de Risco e da Xeración Nós pode interpretarse como o dunha formación defensiva, segundo os criterios propostos por Raymond Williams no terceiro capítulo no libro “Cultura”. O traballo de Risco e maila Xeración Nós pode enxergarse coma o dunha fracción de clase. Con todo, non parece que fosen fracción de clase dominante, nin moi puxante, aínda que se proxectaban na educación superior específica e no cosmopolitismo, á vez que se tiñan por intelectuais e non se limitaban a cultura nacional e de clase, como amosan as enérxicas intencións da primeira páxina da revista Nós. Na Xeración Nós, pode apreciarse tamén o que Edward Said chamou en “Cultura e imperialismo” a traxedia parcial da resistencia, nomeadamente no que atinxe á relación coas formas literarias e artísticas metropolitanas. Said dicía que “a traxedia parcial da resistencia” débese a que, ata certo punto, os resistentes “deben esforzarse por recobrar formas xa establecidas pola cultura do imperio ou, cando menos, infiltradas ou influídas por el”. Risco foi, nos mellores momentos, un europeo non eurocentrista. Foi un nacionalista de conciencia reflexiva que non deu chegado ó momento das políticas de “liberación nacional”, pois estaba á morte cando se empezaban a

formular e desenvolver. (Refírome ás políticas que sintentizou o Celso Emilio no poema Irmaus, nada enxebrista, pero ben enxebre).

O “pesimismo cultural”, ou Kulturpessimismus, que podemos atopar arreo na obra de Vicente Risco impregnou tamén a obra de Max Weber. Hai mesmo quen identifica esa angustia ou falta de seguridade alemana nas leccións de Habermas verbo do “Discurso filosófico da modernidade”. Sexa como for, coido que en “Nós, os inadaptados” Risco expuxo sinceramente a influencia que nel tivo o pesimismo cultural e como tamén foi factor desencadeante da reacción nacionalista que viviu con entrega e plenitude: “E a nosa súpeta conversión explícase, e tamén a nosa radical e fanática adhesión á fe na nosa terra, porque nos chegamos á alma de Galicia ceibes xa de todo prexuízo, ceibes de toda consideración todo respecto á cultura sobreposta que nos mascaraba, nos desfiguraba e nos falseaba a nosa terra.” Coido que estas liñas deben relese hoxe tendo moi presentes dous textos cruciais da socioloxía crítica do século vinte “Teoría da pseudocultura” de T. W. Adorno e “A industria cultural: Ilustración a xeito de engano de masas”, capítulo terceiro do libro “Dialéctica da ilustración” de T. W. Adorno e Max Horkheimer.

Un dos factores que contribuíron a difusión da “nostalxia testá” e o Kulturpessimismus foron os requisitos homoxeneizadores do estado moderno (ou do estado-nación moderno), contra os que protestaba Risco moi acertadamente na Teoría do nacionalismo que publicou en 1920: “Galicia non chegará a ser nada se s’uniformiza co resto da Hespaña. Ser deferente é ser esistente. Na conservación dos nosos carauteres nacionaes, temo-la obriga de sermos intransixentes. Podemos ceder en todo, se non é n- esto: o noso tesouro espiritual non debemos consentir que nol-o saquen. Sobre d’él ten un dereito, unha sorte de domino eminente a humanidade.”

Risco criticou con intelixencia o estado centralista e tamén o unitarismo, en termos semellantes ós do libro “Nacionalisme i federalisme” de Antoni Rovira i Virgili (1917). Na “Teoría do nacionalismo galego” escribiu o ourensán: “N-un

estado centralista, o poder non descansa na vontade nacional, senón qu' o seu mais firme afianzamento está nos funcionarios que viven á sombra d'él, y-os administrados convírtense, como di Randot, n-unha plebe de solicitantes, que para todo teñen que acudir ó poder central." Esta forma de dependencia, semellante á analizada cincuenta anos despois por Johan Galtung no opúsculo "Teoría estrutural do imperialismo" ilustrouna tamén recentemente o Edward Said no libro "Cultura a imperialismo" coas declaracións dun gobernador inglés do Exipto decimonónico que dicía: "non gobernamos Exipto, gobernamos ós que gobernan Exipto". Durante a chamada crise do Prestige vimos que a relación do partido que goberna a Xunta de Galicia co partido que goberna Hespaña é desta caste; trátase, logo, dun partido que mantén con Madrid relacións que eu chamaría exipcíacas, ou cousa parecida.

Risco indicou tamén na "Teoría do nacionalismo galego" cómo o discurso homoxeneizador do estado moderno depende da opinión pública e cómo é que a esfera pública galega case non gozaba de autonomía: "como da capital do estado veñen feitos todol-os xucios e total-as opinións a xente das provincias chega a unha efeutiva impotencia para pensar pol-a súa conta. E como a prensa de provincias é caseque sempre calco literal da da capital do Estado, aparece d'iste xeito unha opinión púbrica fiuticia, que ninguén s'estreve a dismintire."

O proceso de homoxeneización política debida a difusión do "estado moderno" seguiu afectando durante boa parte do século vinte á diversidade cultural e étnica, aínda que en moitos casos a implantación do estado moderno fose boa cousa. Con todo, o verdadeiro momento triunfal do nacionalismo fora de 1750 a 1920. Foi entón cando triunfara o ideal nacionalista, que supuña supera-la diversidade relixiosa e etnocultural. A principios do século dezanove había por Europa adiante burguesías ilustradas que celebraban o avance das tropas napoleónicas, quere dicir, a difusión do ideario revolucionario francés conxelado e enrarecido polo momento termidoriano. O canadiano Charles Taylor, interesado en cuestións de nacionalismos e identidade moderna di que

o imperio napoleónico era un “imperio liberal”. A min a a propia expresión de “imperio liberal” xa me dá un pouco de noxo, amais da xenreira que lle teño ós napolénicos pola lei que lle debo á historia do país. Sexa como for, o requisito fundamental que levaba á homoxenidade era o de producir cidadáns semellantes, dos que a lealdade á nación non fora desafiada por outros vínculos sociais. O momento comezara a fins do século dezoito, cando se formularon explícitamente as ideas que relacionaban nacionalismo e internacionalismo, pomos por caso, no texto de Immanuel Kant (1795) “Sobre a paz perpetua”, invocado por Habermas e Derrida no artigo que asinaron conxuntamente para reclamar unha política exterior europea común despois da invasión imperialista de Irak.

O momento triunfal do discurso nacionalista en Europa (1750-1920) foi tamén o tempo no que Francesc Pi i Margall, presidente da Primeira república española, escribiu o excelente “Las nacionalidades”. O concerto das nacións europeas fíxose máis significativo pola metade da “paz dos cen anos”, que tentou explicar un ilustre contemporáneo de Risco, Karl Polanyi, no libro “A grande transformación”. Polanyi tentou dar conta das condicións históricas (condicións obxectivas, di Polanyi) que levaron ó fascismo (tamén a Risco, como indicou moi ben Xosé Luís Méndez Ferrín no artigo “Risco no feixismo: achegamento á trabe de alquitrén”).

O concerto das nacións decimonónicas representouse de moitas maneiras. Durante a que Polanyi chamou segunda fase da paz dos cen anos, unha das cerimoniais internacionais de máis interese foi a Exposición Universal de Londres, para a que se construiu o “Crystal Palace”, logo imitado noutras cidades de menos porqué, pero non por iso menos dignas, porque eu entendo que as cidades todas son coma a rosa de Angelus Silesius. Sexa como for, o concerto das nacións decimonónicas era ben xerárquico.

Na Exposición universal de Londres (1851) creouse un escenario no que se tentaban compara-las nacións e establecer entre elas rangos de diferentes

maneiras. Na estética tamén se fixo evidente a competición e mailo escalafón. Parecía logo importante posuír un estilo nacional e en moitos círculos artísticos e industriais do século dezanove (mesmo aínda nas primeiras décadas do século vinte, como foi o caso dos países nórdicos) houbo discusión verbo do que con Pierre Bourdieu chamamos hoxe “capital simbólico”. En todo aquel fervedoiro de exposicións puido observarse un paradoxo que se exacerbou no século vinte: canto máis se compite, máis cómpre marca-lo terreo. Por mor de se facer máis diferentes, as nacións viran máis similares.

É interesante ollar, de qué maneiras se “nacionalizou” a modernidade á hora de concebir diferentes “nacionalismos do benestar” nos anos vinte, ou nos primeiros trinta (como no caso de Roosevelt en Estados Unidos de América ou na Suecia dos primeiros gobernos socialdemócratas, dos tempos nos que Risco e o noso Castelao dicían que eiquí tiñamos pendente a revolución da auga). O sociólogo Zygmunt Bauman indicou como a “nacionalización do Estado” mesturou a lealdade política e maila fiabilidade coa asimilación e homoxeneización cultural. Nese proceso, a cidadanía e maila conformidade cultural tenden a se confundir, e a conformidade cultural tende a se ver a xeito de condición, máis tamén de recurso, para acadala cidadanía.

Pode falarse de diferentes maneiras de “reifica-lo nacional” segundo os diferentes momentos históricos. A fins do dezanove, cando Barrès escribiu “a novela das enerxías nacionais”, o propio era falar da “alma nacional” tamén do “destino nacional” ou patrimonio nacional. Arestora a retórica é a do “individuo colectivo” ou “colectivo de individuos” no senso das enquisas Gallup: “a nación pensa que”, “o país quere”, “os galegos prefiren” e cousas parecidas. Algúns compraceranse moito coas novas retóricas da reificación e co que vai de tempos a tempos. A min o cambio de retóricas reificantes non me satisface. Pode ser que haxa un fascismo novo, ou “fascismo postmoderno”, no uso retórico de enquisas e sondaxes. Non é xa o da fachenda e os rituais de

Mussolini, senón o xogo informático no que a expresión da vontade e maila participación se reducen ás sondaxes.

O nacionalismo de Risco e o galeguismo do dezanove.

Risco soubo fiar ben, nos primeiros artigos da Revista Nós, a tradición galeguista do século dezanove. Peneirouna sen pedantería e procurou transmiti-la emotiva e temperadamente. Coido que o discurso nacionalista de Risco foi, máis ben, un discurso contra-nacionalista, anticolonialista, descolonizador. Sexa como for, tentaba subvertir a xerarquía de nacións europeas que caracterizara a chamada “paz dos cen anos”. Esa xerarquía de nacións, e tamén a propia vida burguesa, xa fora obxecto das críticas de Risco antes de que se embarcar no galeguismo. No capítulo de “Las tinieblas de Occidente” titulado “Pietismo e impiedad” escribiu: “El verdadero europeo, el homo urbanus típico, el burgués, el filisteo en una palabra, debe ser librepensador y anticlerical, republicano y creyente en la ciencia y en el progreso, vestir chaquet y llevar en el ojal la legión de Honor. El Mr. Homais de Flaubert es el tipo acabado, y la vida secularizada, laica, con fiestas cívicas, con himnos patrióticos, con matrimonio y entierro civil, está calculada á la medida del estupendo fármaco de Mme. Bovary. Se necesita una psicología así de simple y de serial, para acomodarse á la vida laica que nos ofrece el ideal europeo...Bien que esta concepción se halla hoy en crisis.” Risco criticou, logo, as simboloxías das nacións burguesas que analizaron Hobsbawm, Ranger e outros antropólogos e historiadores no exitoso libro colectivo sobre “A invención das tradicións”.

Cómpre volver lembrar que o nacionalismo decimonónico estableceu certa xerarquía de nacións por medio de celebracións e rituais da caste das exposicións universais, coma a londinense de Crystal Palace, alá por 1851, á que aludiron Marx e Engels no Manifesto comunista. Cabe supor que na Exposición Rexional de Compostela, celebrada en 1875, reproducíuse ata certo punto o

modelo daquelas grandes exposicións comerciais. Nese momento, Valentín Lamas Carboxal escribiu as “Cartas ós galegos”:

*A exposición é o que máis alto fala
da cultura dun pobo. ¡Ai, santo ceo
sólo en pensar que a nosa ha de saír mala
quere brincar-me o curazón do seo!*

Non se adoitan cita-los versos das “Cartas ós galegos” de Lamas Carboxal, de verba acesa que pode compracer ós lectores literalistas. Velaí o remate da sexta:

*Os que sentides inframar o peito
por unha idea grande, xenerosa
coas armas da instrucción e do dereito,
reconquistai a INDEPENDENZA nosa.*

A retórica de Lamas seguramente non parecería inaceptable antes do discurso centralista do Canovismo, que promoveu celebracións coma a do día da Hispanidade poucos anos antes de que os restos do imperio colonial español caeran en mans do expansionismo estadounidense, semellante ó que hoxe está a configurar outro imperio perante as nosas nefras, coa anuencia do Partido Popular, composto de transfranquistas e herdeiros máis ou menos conscientes da ridícula política ritualista do canovismo.

O paradoxo do nacionalismo moderno, desde que aparece ó remate do século dezaioito, é o de ser unha ideoloxía internacional que se importa por motivos nacionais. Vese ben na independencia dos Estados Unidos, cando os experimentos revolucionarios das américas inspiraron ós intelectuais europeos. Lémbrese o saúdo de Denis Diderot á independencia Americana: “Adiante! Boa hora era!”. Tamén foi o caso aínda na segunda metade do século vinte, coa aparición de novos movementos nacionais no chamado terceiro mundo ou mesmo na década final do século pasado, coa recuperación de vellos proxectos

nacionais en Europa, coincidentes coa desintegración do sistema interestatal socialista, ou “segundo mundo”.

O nacionalismo nos tempos da primeira guerra mundial

Pode dicirse que na historia moderna os proxectos nacionais convertíronse en transnacionais, importáronse e transformáronse en cada emprazamento e situación, nese senso “o nacional” redefínese de continuo dende hai case dous séculos. Risco elaborou a doutrina do nacionalismo galego pouco despois da primeira guerra mundial. O discurso político daqueles tempos verbo do espacio internacional pode caracterizarse coa lembranza de algúns textos fundametais: os do liberal Woodrow Wilson e os de Vladimir Ilich Lenin.

O discurso dos catorce puntos do presidente Woodrow Wilson foi quizais o manifesto máis importante da primeira guerra mundial. O punto decimocuarto dicía: “Debe formarse unha asociación de nacións, segundo convenios concretos, co propósito de establecer garantías mutuas de independencia política e integridade territorial para os estados grandes e pequenos por igual.” O colofón do discurso dicía: “Está claro que hai un principio que goberna o programa todo que acabo de esbozar. O principio de xustiza para pobos e nacionalidades, e do seu dereito a vivir en condicións iguais de liberdade e seguridade entre sí, sexan fortes ou débiles. A menos que tal principio sexa o alicerce, ningunha parte da estrutura da xustiza internacional poderá sosterse.” O discurso dos catorce puntos de Wilson foi tamén instrumento importante da propaganda estadounidense cando máis dura era a loita en Francia, alá por 1918. Os avións estadounidenses deitaron milleiros de copias sobre sobre as cidades alemanas e sobre as liñas de combate.

De por parte, Lenin, no texto “Sobre o dereito de autodeterminación das nacións” (1914), escribira : “A política de Marx e Engels no problema irlandés constitúe un magnífico exemplo da actitude que debe garda-lo proletariado das nacións opresoras perante os movementos nacionais, e este exemplo conservou, ata hoxe, un valor práctico enorme; esta política é unha advertencia contra a

“precipitación servil” coa que os filisteos de tódolos países, linguas e cores se apresuran a declarar “utópica” a modificación das fronteiras dos Estados creados polas violencias e mailos privilexios dos señores da terra e maila burguesía dunha nación.” Tamén escribira Lenin, en outono 1916, no “Balance da discusión sobre a autodeterminación”, referíndose ó problema da educación internacionalista da clase obreira “¿Pode esta educación [...] ser concretamente igual nas grandes nacións opresoras ca nas oprimidas, nas nacións anexionistas ca nas anexionadas? [...] Se queremos ser fieis ó socialismo debemos, xa dende agora, levar a efecto a educación internacionalista das masas, que é imposible realizar entre as nacións opresoras sen propaganda a favor da liberdade de separación para as nacións oprimidas”.

Risco teorizou o nacionalismo galego apoiándose en certos momentos no discurso da Sociedade das Nacións, creada na Conferencia de Paz de Versalles. A unión á Sociedade das Nacións, alentada polo liberal Woodrow Wilson, supuña entregar parte da soberanía dos estados á unha organización internacional. O discurso idealista e pacifista de Wilson produciu moi logo reaccións mesmo nos Estados Unidos de América, como amosou o discurso illacionista do senador republicano Henry Cabot Lodge verbo da Sociedade de Nacións (1919). O senado dos Estados Unidos de América rexeitou o ingreso na Sociedade de Nacións. Nos anos que correron da primeira á segunda guerra mundial os Estados Unidos non entregaron soberanía ningunha á Sociedade de Nacións.

Sexa como for, Risco empregou argumentos do liberalismo, quizais levado do discurso de Wilson, para defende-la nacionalidade galega. Arturo Lezcano ten, logo, máis dunha razón para dicir que Risco foi liberal. Con todo, a min gústame lembrar que Risco, en artigos como “Celtas e eslavos” e tamén noutros escritos para “A zarpa”, non dubidaba en cita-lo nome de Lenin. Non quero suxerir de ningún xeito ningunha filiación soviética de Risco, pero si subliñar que o Risco galeguista tentou compor discursos de insurxencia nos que ía

suxerindo alternativas á Europa das nacións burguesas que viña de se autolacerar na primeira guerra mundial. Sen embargo, os argumentos políticos de Risco eran os da crise final do idealismo burgués. Poño por caso que boa parte dos argumentos da “Teoría do nacionalismo galego” son hegelianos.

Risco e Hegel

Risco escribiu, na primeira páxina de “Teoría do nacionalismo galego”: “Entendemo-los nacionalistas galegos que unha nacionalidade, xunguida ou non a outras baixo a soberanía d’un Estado calquera, ten unha misión histórica que cumprir en ben da civilización universal, e que tanto val coma nacionalidade, según sexa o que faga pr’o cumprimento d’aquil deber histórico.”

O argumento de Risco é inequívocamente hegeliano. Hegel escribiu no párrafo 536 da “Enciclopedia das ciencias filosóficas”: “O estado é (a), primeiro a súa formación interna como desenvolvemento que se refire a si, o dereito interno dos Estados ou a Constitución. E despois (b), individuo particular e, daquela, en relación con outros individuos particulares, o que dá lugar ó dereito exterior dos Estados. Nembregante (c) estes espíritos particulares son só momentos no desenvolvemento da idea universal do espírito na súa realidade, e esta é a historia do mundo ou historia universal.”

Sobre a relación das nacións coa historia universal volveu Hegel no párrafo 548 da “Enciclopedia das ciencias filosóficas”: “O espírito determinado dun pobo, por ser real –e por se-la súa liberdade a xeito de natureza-, ten baixo este aspecto natural o momento da determinación xeográfica ou climatolóxica. É no tempo; e verbo do contido, ten esencialmente un principio seu particular, e debe percorrer un desenvolvemento determinado por este, da súa conciencia e da súa realidade. Ten unha historia dentro súa. Como espírito limitado, a súa independencia é algo subordinado; pasa a historia universal, da que as vicisitudes están representadas pola dialéctica dos espíritos dos varios pobos particulares, polo xuízo do mundo.”

A idea de que a independencia sexa algo subordinado a historicidade, expúxo a moi didáctica e claramente Risco no texto “Conversa ouvida nun tren”, publicado por Céltega en 1932, que me parece de plena actualidade. Coido que Risco rescribiu argumentos hegelianos a esgalla (cousa que non ten nada de particular, porque tamén o fixo, poño por caso, Lenin). Na propia sección quinta da “Teoría do nacionalismo galego”, titulada “A ética do nacionalismo galego”, nos párrafos sobre “O deber de Galicia como nación”, coido que é lícito ler unha paráfrase dos textos de Hegel citados, que forman parte da segunda sección da filosofía do espírito, sobre “O espírito obxectivo” e máis precisamente, da subsección dedicada á eticidade. Velaí o Risco hegeliano: “Galicia ten o deber de contribuir á civilización universal. E somentes preservand’as nosas enerxías autónomas, a nosa capacidade de creación, é como podemos contribuir á civilización universal incorporánd’a ela as nosas creacións inéditas. Isto imponnos a obriga de sermos cada vez máis galegos. O enxebrismo ten este outro senso d’humanidade, que non saben ver ises homes mediocres do “rexionalismo ben entendido” e pancista, os do “primeiro hespañoles e despois galegos...”. Dous párrafos máis adiante volveu rescribir Risco o argumento hegeliano verbo dos pobos na historia universal: “Galicia non chegará a ser nada se s’uniformiza co resto da Hespaña. Ser deferente é ser existente. Na conservación dos nosos caracteres nacionais, temos a obriga de sermos intransixentes. Podemos ceder en todo, se non é n-esto; o noso tesouro espiritual non debemos consentir que nolo saquen. Sobre d’él ten un dereito, unha sorte de dominio eminente a humanidade.”

A relación “hegeliana” entre nacionalismo e universalismo que se pode advertir en Risco tamén a formulou o irmán Antón Villar Ponte un artigo do xornal coruñés “El Noroeste” titulado “Respetuosa resposta a Miguel de Unamuno. El galleguismo de las “irmandades””, recollido posteriormente no libro “Pensamento e sementeira”: “Así es como nosotros hacemos universalismo. Uniformar es esclavizar, matar. Diferenciar es culturizar, libertar. Como dice el

catedrático Vicente Risco, “sólo preservando nuestras energías autóctonas, nuestra capacidad de creación, podremos contribuir a la civilización universal, incorporando a ella nuestras creaciones inéditas”. Esto nos impone el deber de ser cada vez más gallegos; el enxebriismo tiene este amplio sentido de humanidad que analizó muy bien otro catedrático galleguista: Viqueira. Si ahondáramos un poco en las palabras del señor Unamuno, acaso pudiéramos demostrarle que por escribir a vuelapluma confundió cosmopolitismo con universalismo. Lo cual prueba que, como Homero, algunas veces se duerme.”

Coido que Risco, a Xeración Nós e mailas irmandades combateron a “estructura de actitude e referencia” do nacionalismo español. A noción de “estructura de actitude e referencia” expúxo a Edward Said en “Cultura e imperialismo”. Risco, ó pouco de escribi-la teoría do nacionalismo galego, falaba de imperialismo castelán. Consciente do labor propagandista, pedía disculpas a Teixeira de Pascoaes pola estridencia de “A nosa Terra” con estas verbas: “Nasceu A Nosa Terra como unha publicación de combate. O noso movemento nacionalista, secuencia histórica do primitivo rexionalismo de Vicetto, Murguía, Brañas, Pondal e demais Precursores e devanceiros nosos, non pode deixar de ser un movemento de rebeldía contra do imperialismo castelán, que persigue de morte total-as nosas características nacionais, especialmente a lingua; que sostén o caciquismo calculadore dos dereitos de cidadanía dos galegos; que nos apoupa coa nota mala de separatistas polo delito de defende-lo noso... Ten, pois, como o nacionalismo catalán, como o nacionalismo vasco, un ben posto aspecto político. Istes movementos nacionalistas que son os únecos latexos de vitalidade da dormiñenta e devecida España â que, despois de todo somos nos os únecos que pretendemos erguer e despertar –son oxeto d’unha fonda xenreira nos círculos madrileños, como Madrid, a descerebración i-a desvitalización da Hespaña, confeso que é oxeto de xenreira tamén para nós...”

Nacionalismo cultural.

A expresión da “descerebración de Hespaña” lembra a tópica de Barrès verbo da “Francia dissociada ou descerebrada” ou a tópica centralista de Ortega verbo da “España invertebrada”. Hai nelas certa concepción das culturas nacionais que hoxe nos cae lonxe, pois xa sabemos que o proxecto de nación dalgúns grupos supón para outros pouco menos cá cadea. Cústanos falar de nacións illadas e, máis aínda, de culturas illadas, como por veces fixo Risco.

Díxose decote que o nacionalismo da Xeración Nós foi eminentemente cultural (ou “culturalista”). Concordo co tópico, sempre que se contextualice con referencias ó momento histórico que algúns chaman da “nacionalización as culturas”. Por “nacionalización da cultura” enténdese o proceso no que o espacio social se transforma nun espacio cultural. Dalgún xeito, supón estudar como é que cada nación se nacionaliza non só por mor do herdo patrimonial, senón pola maneira de crea-la súa versión dun marco nacional de referencia. Decía un ourensán de humor negro que os da Xeración Nós dedicáranse á literatura porque non lles daba para andar de “rallies”. Non concordo. O que si entendo é que a modernidade que procuraron Risco e os da Xeración Nós non era a dos choferes, ou “cháúferos”, como dicía Anxel Fole.

Étienne Balibar, no ensaio “A forma nación: historia e ideoloxía”, incluído no libro de Balibar e I. Wallerstein “Raza, nación e clase: as identidades ambiguas” critica o feito de que a historia das nacións se nos presente sempre coas características dun relato que lles atribúe a continuidade propia dun suxeito. Ó remate dese ensaio escribiu Balibar: “cada individuo está obrigado a encontrar na transformación do incosciente colectivo do “seu” pobo os medios de saír del e comunicar cos individuos doutros pobos, que teñen os mesmos intereses e, en parte, o mesmo futuro ca el”. Coido que a obriga indicada por Balibar hai doce anos foi a que tentou levar a efecto o Risco galeguista. Díxoo moi claramente nun dos artigos que publicou na serie “Da Alemaña”, publicada primeiro na revista “Nós” e logo en libro co título “Mitteleuropa”, no artigo “España e a

ciencia alemana”: “O xermanismo vénnos, como todo, imposto de Madrid [...] Se en Madrid queren seguir en postura servil coa Alemaña, alá eles. Mais, ao menos nós, ceibémonos. Se temos efectivamente moito que depender do estranxeiro, que non sexa somentes da Alemaña. Galicia tivo ligame tradicional coa cultura francesa, pois procuremos de novo ese ligame. Temos afinidades de raza con pobos da Gran Bretaña, pois procuremos tamén a cultura inglesa. Non sexamos exclusivistas, como os de Madrid, que cun só santo non se vai ao ceo. Recibamos influencias diversas, que canto máis diversas, máis ceibes quedaremos nós. Escoitemos mestres de diversos métodos, de diversas opinións, de diversos principios, e será o modo de podelos contrastar os uns cos outros, de coller o mellor de cada un, de alargar o noso horizonte, comparar, discernir, e non casarnos co primeiro que chega. E cando teñamos que acudir aos alemáns, que por forza terá que ser moitas veces, vaiámoslos procurar directamente, e non nas seleccións e nas traducións que nos deas feitas en Madrid.”

Á vista de textos coma o citado, non me ten dúbida ningunha que, para Risco, a nación era unha formación cultural. Xeralmente, os historiadores estudian o nacionalismo a xeito de fenómeno político e ideolóxico. De por parte, os antropólogos adoitan traballar no marco da “etnicidade”, con énfase na perspectiva diacrónica. Esta división está a se desfacer. Os historiadores empezan a se interesar nas nacións a xeito de formacións culturais e os antropólogos din que estudian o que chaman “política cultural da construción de nacións”. Hai tamén investigadores que escriben antropoloxía histórica, como Bernard S. Cohn, para o caso da India colonial e post-colonial.

Perante os recentes estudos de antropólogos e historiadores cómpre facer algunhas preguntas. ¿É posible falar de nacionalismo antes das revolucións americana e francesa? ¿É posible falar de nacionalismo na Inglaterra medieval ou na Suecia do século dezaseis? Para o contrastar co “patriotismo” (fidelidade a deus, á terra e ó rei, propia dos tempos do absolutismo) dise que o

nacionalismo baséase en ideas de “comunidade popular” ou, doutro xeito, en nocións de historia e cultura compartida, ou do que algúns chaman “destino común” (que decote nos pobos vellos é o de levar paus e pasar fame). Para min o importante é que hai no nacionalismo certa idea de igualdade e camaradaxe, cousa que significa que o nacionalismo leva dimanina e que se pode empregar tanto para enmascara-los intereses de clase coma para loitar contra eles. Por veces os intereses de clase plásmanse en concepcións tradicionalistas da cultura e da función dos intelectuais, como moi ben expuxo Aijaz Ahmad no opúculo “A cultura nacional e o fascismo: ler Gramsci nos tempos da hindutva”, publicado na Trabe de ouro non hai moito. Coido que a Xeración Nós non foi moi tradicionalista, aínda que si amosou a preocupación de investigar e rexistra-las tradicións galegas. O que fixeron Risco e os da Xeración Nós, sen dúbida ningunha, foi loitar contra os intereses de clase da decante burguesía española de principios do vinte. Loitou moito e ben contra o que o Antón Villar Ponte chamaba as burras brancas do caciquismo, que aínda seguen, máis brancas se cadra, a move-lo rabo pola Galicia negra do chaPaPote.

A ideoloxía do nacionalismo podería verse nos primeiros momentos coma un “equipamento xigante de bricolaxe”. Foi desenvolvendo un conxunto de ideas a respecto do que sería unha nación, como se se tratase dos ingredientes necesarios para facer das formacións estatais culturas nacionais con capital simbólico compartido. O inventario de recursos e símbolos da política nacional fíxose nomeadamente durante o século dezanove. Elaborar, elaborouse no século vinte. É logo unha ironía que a forza liberadora do nacionalismo nos países en desenvolvemento poida verse en certo xeito a maneira de derradeira victoria da hexemonía colonial, na medida en que a “construcción da nación” se faga segundo criterios occidentais. (Cando non acontece que se impón a “modernidade imperial” coma, no peor dos casos, podería acontecer co Irak disque liberado). Ernest Gellner escribiu con boa ironía sobre a distinción despectiva entre nacións de primeira, segunda e terceira: “eu son un patriota, el

é nacionalista, e eles son tribais.” Convén lembralo agora que os que máis falan en Hespaña de patriotismo constitucional son quizais os que non viron nin polo forro os libros de Habermas. (Por certo, o argumento de Habermas verbo do estado postnacional parécese o de Friedrich Meinecke sobre “a superación do nacionalismo”, rebatido por Antoni Roviria i Virgili en “Nacionalisme i federalisme”, libro de 1917).

Nacionalismo e sociedades modernas

A principios do século vinte, cando Vicente Risco teorizou e artellou o galeguismo, certas ideas verbo da modernidade nacionalizáronse e viraron versións locais do estado do benestar. Nos países escandinavos, a principios dos trinta, os socialdemócratas remprazaron os vellos valores nacionais e mailo patrimonio pola ideoloxía do internacionalismo mais, restrospectivamente, podemos ver como desenvolveron instrumentos novos e mesmo máis poderosos de homoxeneización e nacionalización. En Suecia o funcionalismo virou, logo, a ideoloxía estética dos intelectuais. Por medio do deseño moderno e da vida moderna, a xente debería ser capaz de reorganiza-las vidas cotiás en formas racionais. Na consideración da “modernidade sueca” hai quen di que o discurso da clase media verbo do bo gusto e maila vida racional ignoreuse moito nos lares de clase obreira, pois non coincidía coas relidades cotiás e, logo entón, tiña poucas posibilidades de impregana-las formas da vida de moitos suecos. Coido que en Galicia, ó tempo, os caseteiros non bebían auga de Mondariz nin lían os poemas de Cabanillas.

Á hora de estima-la relación entre nacionalismos e modernidade, hai quen propón prestar atención a como é que se crean novos tipos de “comunidades imaxinadas” en diferentes niveis de acción. Interésanos logo saber como é que se artellou a Suecia moderna e tamén como foi que pouco antes, nos anos vinte, Vicente Risco e a Xeración Nós elaboraron formas para que os elementos culturais comúns e as rutiniais diarias fixesen que os galegos fosen máis galegos.

Hai quen mantén que os procesos de modernización económica, os estados e mesmo os discursos nacionalistas da modernidade foron factores de homoxeneización en moitas sociedades do planeta. Con todo, o grande relato da homoxeneización global non é o único que hai. Neste comezo do século vinte e un, cando xa van corenta anos feitos do pasamento de Vicente Risco, cómpre sabermos como é que resultan afectados os procesos culturais da nacións cando se trata cada vez máis de converter “cosmopolitas domésticos” (como dixo con gracia Javier Echevarría) en Franceses, Suecos ou Kuwaitís (esta opción non só é verdadeiramente minoritaria senón, no meu ver, un tanto triste, pero ten moito predicamento xeoestratéxico) e mantelos interesados en certos espacios culturais e non ó nas emisións da MTV ou nas programacións “glocals” de Murdoch, Berlusconi e os “managers” da televisión global, glocal (ou como lle chamen). Perante a circulación de moreas de mercaderías e axentes promotores de culturas comerciais, temos que nos preguntar “de qué cultura son subculturas as subculturas actuais”. Disque na cultura sueca actual hai máis “hábito nacional” do que “retórica nacional”. Quizais o risco da Galicia actual sexa o de se dar máis á retórica do que a procura de fórmulas innovadoras nun período de cambios estruturais que afectan tamén esta vella fisterra. Supoño que moitos, non só os lectores de Vicenç Navarro, procuramos un norte algo parecido á cultura dos países escandinavos, en troques da independencia ou autonomía simbólica das pequenas nacións bálticas. Procuramos un norte pero somos, pouca-las gracias “Europa sur”, como ben saben os lectores de Gramsci e dos neo-gramscianos.

O irlandés Terry Eagleton, no artigo “Nacionalismo: ironía e compromiso”, dixo que “a metafísica do nacionalismo fala do acceso á plena auto-realización dun suxeito unitario coñecido co nome de pobo”. Esa metafísica nacionalista do suxeito que se autorealiza expresouna Risco no idioma hegeliano. Temos aínda por diante rescribir post-metafísicamente a teoría do nacionalismo galego, procura-lo significado post-metafísico da saudade, tentar comprender con

ecuanimidade o esforzo político do Risco galeguista. Con todo, non quero deixar de amosa-la miña simpatía por Risco vello, vencido. Refírome ó velliño que escribiu o penúltimo texto do “Libro de las horas”, titulado “Los penúltimos”, no que parece alusión ó famoso filme de Murnau que protagonizou Emil Jannings. Nese artigo, Risco vello refírese, aínda que non explícitamente, a un artigo de Ernst Robert Curtius titulado “Conversas con Stefan George”, incluído en “Ensaio crítico sobre literatura europea”, publicados en Bonn en 1950. Coido que en textos coma ese, tan amorosamente editados por Gráficas Tanco, Risco deuse á política da melancolía, ó exercicio do luto e de memoria. Quizais conveña comparti-la melancolía do Risco vello, por que foi a de Europa escalazada polo fascismo. Risco valerá sempre para explicar o que foi o fascismo castelán, do que falou moi claramente Harold Bloom no discurso de aceptación do Premio Internacional Catalunya 2002, que trata futuro da imaxinación literaria Só dende esa política da melancolía, defendida por Scott Lash, poderemos recuperar un día o valor do escritor que nos legou “O porco de pé” e que gastou tanta imaxinación en invetar unha Galicia moderna. A Galicia de Risco xa case non a hai. Alégrome. A que propuxo nos textos nacionalistas está por ver. Espero que dependa só de nós ou, mellor aínda, do que decida a mocidade. Supoño que é o que diría Risco. Quero entender que iso é o que pon no limiar de Leria e tamén o que pon no emocionante párrafo final.